



ELECCIÓNS A CONSELLOS ESCOLARES 2021

RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 29.09.21).
 -A Xunta Electoral constituirase entre o 2 e 5 de novembro de 2021.
 -As eleccións celebraranse entre os días 22 e 26 de novembro de 2021.

DATA	ACTUACIÓNS
Martes, 26 outubro	Publicación no taboleiro de anuncios do Centro e envío de circular anunciando o sorteo para a designación dos membros da Xunta Electoral (<i>Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1996, DOG do 09 de agosto</i>).
Xoves, 28 outubro	-Sorteo público, ás 10:00 horas, para a designación dos integrantes da Xunta Electoral.
Venres, 29 outubro	-Envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral (<i>Data de constitución: 4 de novembro</i>).
Xoves, 4 novembro	- Primeira reunión da Xunta Electoral -Acto de constitución. -Aprobación do calendario de actuacións. -Publicación dos censos. -Escrito ao Concello solicitando a designación do seu representante (<i>Artigo 33 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1996; DOG do 09 de agosto</i>). -Escrito á ANPA solicitando a designación do seu representante (<i>Orde do 22 de xullo de 1997, capítulo VII 3.2</i>).
Venres, 5 novembro	-Publicación e envío das distintas convocatorias (profesores, pais e persoal e administración e servizos). -Circular explicativa do calendario de eleccións. -Comezo o prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores (<i>o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais</i>) e das posibles reclamacións ao censo.
Luns, 15 novembro	-Envío de convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral. -Envío de convocatoria de Claustro informativo (<i>Artigo 35 do Decreto 92/1988</i>). -Remata o prazo de presentación de candidaturas.
Mércores, 17 novembro	- Segunda reunión da Xunta Electoral (Admisión, proclamación e publicación de candidaturas. Aprobación definitiva de censos electorais. Aprobación de modelo de papeletas, sobres... - Reunión de Claustro de Profesores (Lectura de normas. Relación de candidaturas. Acordo de convocatoria de Claustro extraordinario.
Xoves, 18 novembro	- Sorteo público ás 10:00 h. para a designación dos membros das mesas electorais. - Comezo das campañas electorais. -Envío de circular informativa aos pais do alumnado. -Envío de convocatoria de Claustro extraordinario. -Envío de citacións para a constitución das mesas electorais. -Envío de convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral.
Luns, 22 novembro	-Envío circular lembrando aos pais a votación para a renovación do Consello.
Mércores, 24 novembro	Votación - Pais / nais / titores - Profesorado: Claustro extraordinario. - PAS.
Venres, 26 novembro	Terceira reunión da Xunta Electoral: -Proclamación de candidatos electos. -Traslado á Xefatura Territorial das actas correspondentes e Anexo I.
Mércores, 1 decembro	Convocatoria para a constitución do Consello Escolar (<i>Artigo 52 do Decreto 92/1988, DOG do 29 de abril: "Convocar antes de 10 días". Son días hábiles, non se computan domingos nin festivos, polo que a constitución do Consello podería trasladarse incluso a despois dos festivos de decembro</i>).
Xoves, 9 decembro	- Constitución do Consello Escolar -Designación dos membros da Comisión Económica. -Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres (<i>Art. 126.2 da LOE</i>). -Constitución da Comisión de Convivencia Escolar. (<i>Art. 6º do Decreto 8/2015, do 30 de xuño</i>). -Traslado da documentación á Xefatura Territorial (Anexo II).